



Actividades. Tarefa.

Entrega dunha tarefa

A premer na icona dunha tarefa , aparece unha pantalla con dúas partes:

- Descrición da tarefa: móstranse indicacións de en que consiste a tarefa e/ou aparece un arquivo para a súa descarga.
- Estado da entrega: é onde o alumno ten que entregar a tarefa e recibe información do estado da mesma.

Tarefa

Neste espazo aparece o que o/a profesor/a quere que fagades na tarefa, e a continuación o documento que tedes que empregar para facela, se procede.

 Documento da tarefa.pdf

Estado da entrega

Estado da entrega	Sen intentos
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Data de fin das entregas	Martes, 10 de Novembro de 2020, 00:00
Tempo restante	8 días 3 horas
Última modificación	-

Comentarios a entrega ▶ **Comentarios (0)**

Facerlle cambios á súa entrega

- **Estado da entrega:** pode ter os seguintes valores:
 - ♦ **Sen entrega:** o alumno no realizou a entrega
 - ♦ **Versión preliminar (non entregada):** O alumno realizou a entrega pero non premeu “Entregar tarefa”, so aparece cando se require que os alumnos preman nun botón de entrega .
 - ♦ **Entregado para cualificacións:** o alumno realizou a entrega e premeu no botón (se procede)
- **Estado das cualificacións:**
- **Data límite:** Data e hora de fin de entrega
- **Tempo restante:** Tempo que falta para finalizar a entrega

Ao premer no botón **Engadir entrega** aparecen un ou dous cadros.

- **Ficheiro(s) entregado(s):** se a tarefa contén entregar un ficheiro.
- **Texto en liña:** se a tarefa consiste en escribir un texto en liña,

Tarefa

Neste espazo aparece o que o/a profesor/a quere que fagades na tarefa, e a continuación o documento que tedes que empregar para facela, se procede.

 Documento da tarefa.pdf


Ficheiro(s) entregado(s)

Tamaño máximo para os novos ficheiros: 10MB, número máximo de ficheiros anexos: 1





Ficheiros



Arrastre e solte aquí os ficheiros para enviar.

Texto en liña





Gardar os cambios

Cancelar

Realizada a entrega do arquivo e/ou escrito o texto en liña, hai que premer o botón **Gardar os cambios** para rematar a entrega ou **Cancelar** se non se quere realizala.

En “Estado de entrega” aparecen 4 liñas máis coa seguinte información:

- **Última modificación:** data e hora da última entrega.
- **Entregas de ficheiros:** nome do arquivo subido
- **Texto en liña:** texto escrito polo/a alumno/a
- **Comentarios a entrega:** mensaxes que intercambian o/a profesor/a e o/a alumno sobre a entrega da tarefa (indicacións do/a profesor/a sobre o formato do arquivo, a súa calidade, ... dúbidas que ten o/a alumno/a, observacións que lle quere facer ao seu/súa profesor/a,...)

Se queres substituír o arquivo e/ou modificar o texto, debes premer o botón [Editar o meu envío](#). Se o arquivo ten o mesmo nome, é suficiente con subilo de novo e substituílo, senón haberá que borrarlo e subir o novo. Esta acción poderá realizarse mentres non finalice o prazo de entrega da tarefa.

Se o/a profesor/a configurou a tarefa para que o alumnado prema nun botón de entrega. Aparecerá un botón de [Entregar tarefa](#) debaixo do botón [Editar o meu envío](#), cando un alumno non queira realizar máis cambios na entrega, deberá premer nese botón. Dende ese momento non poderá realizar máis cambios nela e non poderá editar o seu envío. Isto permitiralle ao profesor/a iniciar a corrección da tarefa antes do prazo de finalización de entrega.